



MEMORIA ECONÓMICA-XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E A ASOCIACIÓN ÁREA EMPRESARIAL DO TAMBRE PARA O IMPULSO DO POLO DA SIONLLA

Primeiro.- Antecedentes

O Igape, creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, é un ente de dereito público adscrito á Consellería de Economía e Industria polo Decreto 49/2024, do 22 de abril. Configúrase como un instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para o impulso do desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación de emprego baseado nun tecido empresarial moderno, internacionalizado e competitivo.

Entre as funcións encomendadas ao Igape virtude do disposto no artigo 4 da súa lei de creación, están as de promover a creación de empresas nos distintos sectores de actividade económica que teñan maior impacto e vantaxes comparativas para o desenvolvemento da economía galega, favorecer a modernización e innovación tecnolóxica e organizativa das empresas galegas, proporcionar información sobre os mercados e favorecer o desenvolvemento das exportacións e acordos con empresas estranxeiras, así como apoiar e promover calquera tipo de actividades que contribúan á mellora do sistema produtivo de Galicia, especialmente as de maior importancia estratéxica.

O avance tecnolóxico e o desenvolvemento do tecido empresarial galego é un dos eixos prioritarios de actuación dentro da política económica da Xunta de Galicia de cara a mellorar a súa competitividade e acadar o crecemento económico. Unha aposta que se plasma na Estratexia da Xunta de Galicia de Competitividade.

Pola súa banda, a Asociación Área Empresarial do Tambre constituída en Santiago de Compostela, presentou os seus estatutos para a súa inscrición ante o Consellería de Traballo o 27 de marzo de 2017. Dende entón, permaneceu en actividade de forma ininterrompida, rexéndose en réxime de autonomía económico-administrativa. Como asociación, réxese pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, así como polos seus propios estatutos.

Entre os seus principais fins atópanse as seguintes:

- Orientar e desenvolver toda clase de iniciativas que podan redundar nas empresas do Polígono.
- Establecer en colaboración cos organismos oficiais servizos de uso común para todas as empresas do Polígono que podan mellorar as condicións das empresas nel situadas.
- Programar, desenvolver e executar accións formativas.

Para o cumprimento dos seus obxectivos estatutarios, e tendo en conta a necesidade de sumarse a sectores industriais xa punteiros actualmente e con evidentes expectativas de crecemento nun futuro inmediato, a Asociación colabora con outras entidades e empresas en ámbitos diversos e singularmente o da biotecnoloxía, destacando, neste ámbito, a coparticipación coa Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago e diversas empresas da área empresarial, no proxecto do polo de innovación en Biotecnoloxía.

Ambas partes pretenden como obxectivo principal con este convenio impulsar e optimizar o desenvolvemento empresarial do Polo da Sionlla, dando un novo enfoque ao mesmo, orientado cara a captación de empresas ligadas ao desenvolvemento tecnolóxico.

En particular, o Biopolo Sionlla– Polo Biotecnolóxico de Galicia, é un proxecto que pon de manifesto o compromiso de Galicia coa industria e coa habilitación de espazos “únicos” tanto para a atracción de talento como para o crecemento e a consolidación empresarial.





Neste sentido, o Polo vertebrará a industrialización dun sector en auxe, facilitando a investigación tecnolóxica e o asentamento de empresas, e a resposta ás necesidades das compañías punteiras que desenvolven investigación en sectores tan importantes como a investigación oncolóxica ou a investigación no sector gandeiro.

O biopolo da Sionlla conforma un espazo que facilita o desenvolvemento para que as empresas biotecnolóxicas, teñan garantida a implantación dun proxecto integral, facilitando as súas sinerxías, e estratexicamente situado, ao carón do coñecido como ligazón orbital que conecta coa AP9 e a autovía que conecta co aeroporto.

Tendo en conta todo o anteriormente exposto, é evidente que promover e atraer ao Polo potenciais clientes estratéxicos, resulta de extraordinario interese para a Comunidade Autónoma. Isto débese tanto á súa capacidade de xerar negocio directo, senón tamén para outros sectores vinculados.

Segundo.- Necesidade, oportunidade e obxectivos perseguidos

Co propósito da consolidación de emprego e actividade económica, singularmente no eido do desenvolvemento tecnolóxico, así como fomentando a atracción de sectores estratéxicos.

Terceiro.- Obxecto e contido

O convenio ten como obxecto o impulso ao Polo de Innovación en Biotecnoloxía (BioPolo), e que integrará aspectos como:

- ✓ Posicionamento do Biopolo como infraestrutura de referencia para Universidades, Fundacións Hospitalarias/sanitarias, Centros Tecnolóxicos, Clústeres.
- ✓ Viabilizar o asentamento de empresas no BioPolo.
- ✓ Creación dunha xanela única para a tramitación de axudas e bonificacións.
- ✓ A asistencia a eventos internacionais de biotecnoloxía.
- ✓ Apoio á infraestrutura administrativa para a xestión do programa.
- ✓ A organización e coordinación de reunións entre as empresas presentes e potenciais, así como a promoción da visibilidade institucional do proxecto.

A través do convenio, a Asociación comprométese a executar as seguintes actuacións:

1. Posta en marcha dunha Oficina Técnica e de xestión: para o impulso e seguimento de todos os aspectos do Proxecto, dende a cal se desenvolverá a estratexia para dinamizar de xeito inmediato e posicionar o Biopolo da Sionlla como polo de referencia.

2. Deseño dun Espazo para os encontros empresariais, de distintas empresas, en particular, as do eido da biotecnoloxía, e coa participación do Igape.

3. Realización de informes de seguimento: sobre as reunións celebradas, incluíndo a valoración das empresas coas que se reuniron, dando conta dos mesmos ao Igape.

4. Visibilización institucional: para reforzar a presenza do Igape neste espazo: notas de prensa compartidas co Igape, que se difundirán en redes sociais a través do Igape. Tamén se mencionará a participación do Igape nas redes sociais oficiais da Asociación e Biopolo. En consecuencia, o obxecto do convenio responde, a fins de interese público e estratéxico coincidentes.

Cuarto.- Xustificación da utilización da figura do convenio





Motívase a utilización da figura do convenio pola especificidade da Asociación da Área Empresarial do Tambre, unha asociación sen ánimo de lucro que agrupa actualmente 321 empresas e entidades vinculadas ao sector.

A relevancia estratéxica e o seu impacto no tecido empresarial e económico xustifican a necesidade de colaboración a través deste convenio.

Por outra parte, as actividades previstas no convenio están plenamente aliñadas coas finalidades da Asociación. A súa capacidade para representar ás iniciativas empresariais, e propietarios de solo fai que sexa o interlocutor idóneo para garantir:

- Unha colaboración eficaz e adaptada ás necesidades do sector.
- A máxima difusión e impacto das accións desenvolvidas.
- Aproveitamento óptimo da presenza de representantes de empresas punteiras neste proxecto.

Cómpre ademais engadir, que o Biopolo é o único das súas características existente en Galicia e está ubicado na área de implantación da Asociación, co que o presente convenio de colaboración se revélase novamente, como a canle idónea para executar as actuacións de interese público perseguidas, favorecendo a execución inmediata do convenio.

Neste contexto, xustifícase a dificultade de promover un proceso de concorrència pública, xa que a colaboración coa Asociación permite ao Igape beneficiarse dunha relación áxil, eficiente e plenamente adaptada ás necesidades do sector. Ademais, esta colaboración garante vantaxes estratéxicas e sinerxías que dificilmente poderían alcanzarse mediante outro tipo de relación.

Finalmente, mediante este convenio o Igape expón un marco de colaboración no que une as dúas experiencias e eidos de competencias de cadaquén para conseguir un fin común como é o de promover e optimizar o Biopolo Sionlla– Polo Biotecnolóxico de Galicia, proporcionando un punto de encontro, que se constitúe como unha canle axeitada, rigorosa e segura ao través da colaboración leal e profesional entre os asinantes.

É esta idea de colaboración na consecución do fin común é a que fundamenta a subscripción deste instrumento.

Quinto.- Financiamento

O orzamento estimado para a execución das actuacións previstas no convenio é de cen mil euros (100.000,00 €) que se distribúen do seguinte xeito:

Actuacións previstas	Orzamento total
Gastos de oficina técnica	56.000,00€
Espazos	15.000,00€
Gastos de persoal	15.000,00€
Visibilidade institucional	14.000,00€
Total	100.000,00 €

O Igape asumirá o máximo de cen mil euros (100.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741A.640.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2025.





A Asociación levará a cabo unha achega de quince mil 15.000,00 euros (15.000,00€) que se corresponden a gastos operativos que se aplicarán nos apartados de:

- Funcionamento interno de persoal: gastos de persoal.
- Gastos xerais operativos.
- Gastos directamente vencellados ás actividades obxecto do convenio, por exemplo, visibilidade institucional.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado nesta cláusula, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se leven a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros.

Sexto. Obrigas das partes

1. A Asociación queda obrigada á realización do obxecto do presente convenio e a realizar todas as actividades precisas para que as actuacións do convenio se executen correctamente, comprometéndose a:

- Desenvolver actuacións previstas na cláusula primeira deste convenio, achegando para tal efecto quince mil 15.000,00 euros (15.000,00€).
- Xustificar a totalidade das achegas ao convenio a través de gastos atendibles segundo a cláusula terceira do convenio.
- Organizar as actividades do convenio en estreita colaboración co Igape.
- Someterse á inspección e control do Igape co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas no convenio e que permitan a esta a súa xustificación financeira.
- Cumprir as normas sobre confidencialidade de datos previstas na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Captación de asistentes para as actividades programadas.
- Asumir o compromiso de difundir o financiamento do Igape en todo tipo de publicidade, información e material relativo á execución das actividades deste convenio, con suxeición ás normas da súa imaxe corporativa.
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino dos gastos.
- Someter á aprobación do Igape calquera cuestión relevante antes de levar a cabo as actividades. Este proceso de proposta e visto bo levarase a cabo a través da Comisión de Seguimento do convenio.

2. O Igape comprométese a:

- Colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas a través da concesión dunha achega por importe máximo de cen mil euros (100.000,00 €).
- Apoiar e colaborar na organización das accións previstas neste convenio.
- Difundir todas as actividades a través das canles que considere adecuadas e oportunas, e que se acorden entre as partes asinantes.

Sétimo.- Xustificación e pagamento

1. O prazo de presentación da solicitude de pagamento no Igape comezará o día seguinte á finalización das actuacións indicadas na cláusula primeira e rematará o 10 de decembro de 2025.

2. A xustificación presentárase vía electrónica na oficina virtual do Igape na páxina <https://spiga-sede.igape.es> achegando as copias dixitalizadas da documentación que se





relacionan a continuación. A Asociación responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.

3. A solicitude de pagamento virá acompañada da seguinte documentación:

- a) Informe/memoria xustificativa asinado e selado polo seu representante legal do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación das actividades levadas a cabo, dossier fotográfico, de ser o caso, e resultados obtidos.
- b) Certificación dos gastos, segundo o modelo do Anexo I do Convenio, facendo distinción entre: gastos de persoal, gastos de subministracións e servizos e outros.
- c) Certificacións expedidas polas respectivas administracións públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou autorización para que a Xerencia do Igape realice estas consultas polos seus propios medios, segundo o anexo I.
- d) Declaración responsable asinada polo representante legal con poder suficiente, doutras axudas de carácter público ou privado para os mesmos gastos obxecto deste convenio ou, se é o caso, ausencia das mesmas, segundo o anexo I.
- e) Declaración responsable da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento, segundo o anexo I.
- f) No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.
- g) Ademais, e para xustificar a achega da Asociación ao presente convenio, relación, mediante documentos oficiais correspondentes tales como facturas, nóminas, etc., dos gastos propios incorridos para o desenvolvemento das distintas obrigas asumidas.

4. Todos os gastos computables deberán ser xustificados mediante transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

5. Será obrigatorio presentar tres orzamentos para todos aqueles gastos externos superiores a 15.000 € + IVE e xustificar a selección do provedor en caso de non ser o máis económico.

6. En todo caso, o Igape, resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto deste convenio, e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

7. Procederá a minoración das contribucións cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas o abeiro deste convenio non acaden os importes dos gastos xustificables e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto.

8. A Asociación manterá a disposición do Igape ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación *in situ*, ben por medios propios ou mediante auditor externo. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 5 anos desde a finalización do prazo de vixencia deste convenio.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral do Igape

Covadonga Toca Carús

